

03Calidade e novas tecnoloxías

Na integración plena no Espazo Europeo de Educación Superior resulta imprescindible e obrigatorio o desenvolvemento dunha política de garantía da calidade. As actividades organizadas pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías e os servizos dependentes dela dirixíronse nesta liña de traballo, dentro dos eixes xa iniciados en anos anteriores e que se materializaron no Plano extratéxico da UDC.

No curso 2009-2010 a UDC puxo en marcha unha gran maioría dos novos títulos de grao e mestrado. As principais actuacións estiveron dirixidas a facilitar-lle a adaptación ao EEES a todos os centros e títulos, proporcionando recursos imprescindibles para este obxectivo.

A boa marcha do proceso de adaptación implica tamén a participación nestas actuacións de toda a comunidade universitaria. Esta implicación reflíctese no importante aumento da participación nas actividades de formación e innovación xa consolidadas (programas de formación, contratos programa, grupos departamentais de calidade).

A innovación e a mellora da calidade que implica o EEES fai precisa unha constante revisión das estruturas da Universidade e das súas actuacións. Esta é a razón pola que se mantivo, como en anos anteriores,

o nivel acadado na avaliación de servizos, titulacións e profesorado. A UTC seguiu coa posta en marcha do programa FIDES-AUDIT, dirixido a apoiar a implantación nos centros dos novos títulos de grao e mestrado e a garantir a verificación e posterior acreditación das novas titulacións.

A maioría dos centros obtiveron en 2009 un Sistema de Garantía Interna de Calidade certificado. A UDC é unha das universidades españolas que máis certificacións conseguiu.

Nesta mesma liña, as políticas de avaliación docente, calidade e formación do profesorado seguen a estar entre as nosas principais prioridades. Este ano púxose en marcha a primeira convocatoria do programa Docentia co obxectivo de dispoñer dunha ferramenta para a avaliación docente do profesorado que garanta a calidade do noso profesorado. Quérese contribuír deste xeito a construír un escenario que favoreza os principios de calidade nas novas titulacións. Nesta primeira convocatoria participaron cerca de 100 profesores, con resultados moi satisfactorios.

Levarónse a cabo as actividades dos planos de apoio ao ensino e do plano de apoio á aprendizaxe con ampla participación do profesorado e do estudantado. Cómpre salientar a numerosa participación nos obradoiros

Campus Virtual Moodle e a continuación do plano de formación para o profesorado de secundaria.

En colaboración coas universidades Carlos III de Madrid, Jaén e Rovira i Virgili de Tarragona e coa ANECA, organizáronse encontros sobre a garantía da calidade no deseño, implantación e seguimento das novas titulacións.

Estes encontros pretenden establecer un foro de discusión e intercambio de experiencias sobre o proceso de elaboración, verificación e acreditación das propostas de titulacións axeitadas ao marco do Espazo Europeo de Educación Superior, así como da súa implantación e do seu seguimento. A UDC participou ofrecéndolle a todos as persoas interesadas a posibilidade de asistir mediante videoconferencias ás actividades plenarias.

De xeito paralelo a estes procesos, o Servizo de Informática e Comunicións (SIC) introduciu importantes innovacións nas súas infraestruturas e proxectos para

estar á altura dos estándares de calidade promovidos pola Reitoría.

Entre os proxectos máis visibles, o SIC puxo en marcha un novo xestor de identidade corporativa que simplifica o acceso aos servizos informáticos correspondentes. Así mesmo, completouse a migración a unha nova plataforma de correo electrónico, implantouse unha nova versión –máis rápida e con máis funcionalidade– do campus virtual moodle e *virtualizouse* o 60% dos servidores da UDC, co que se reforza a súa seguridade. Tamén se axilizou a atención e resolución de incidencias no Centro de Atención aos Usuarios mediante unha nova ferramenta e a atención telefónica en horario de mañá e tarde.

Por último, débese salientar a continuidade do proxecto de constitución da Oficina de Software Libre da UDC en colaboración coa Consellería de Innovación e Industria. A oficina pretende difundir e promover o uso do software libre entre a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

Contratos-programa

A Universidade da Coruña abriu, por quinto ano consecutivo, a convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC.

O obxectivo para o curso 2009-2010 é apoiar os novos títulos e reforzar as accións da comunidade universitaria para lograr o máximo nivel posible nos ámbitos docente e de xestión.

Nos contratos-programa para facultades e escolas participaron os 22 centros da UDC. Entres as accións executadas incluíronse o deseño de novas propostas de título de grao, de conformidade coas directrices da UDC, a posta en marcha dun novo grao ou dun mestrado oficial e un programa de internacionalización do centro.

Na convocatoria para o profesorado participaron 289 docentes, que presentaron proxectos de innovación docente na elaboración de materiais didácticos multimedia para o desenvolvemento da docencia dalgunha materia ou no desenvolvemento de experiencias educativas baseadas na incorporación de novas metodoloxías docentes, sistemas de tutoría e avaliación, acordes co sistema ECTS.

Os contratos-programa para PAS procuran melloras nas áreas e nos procesos que xestionan directamente os solicitantes, sempre que estean vinculados ao Plano estratéxico da universidade ou á integración no EEES e impliquen melloras informáticas, técnicas, organizativas ou de xestión. Nesta convocatoria presentáronse cinco proxectos.

	1. ^a Convocatoria	2. ^a Convocatoria	3. ^a Convocatoria	4. ^a Convocatoria	5. ^a Convocatoria
Centros	17	27	25	25	22
Departamentos	11	-	15	--	14
PDI	46	85	101	174	289
PAS	19	42	40	42	7
Total	103	154	181	231	332

Cadro 14 Evolución da participación nos contratos-programa

Grupos departamentais de calidade

A Vicerreitoría de Calidade fixo unha nova convocatoria para consolidar, modificar ou crear novos grupos departamentais de calidade (GDC). Estes grupos, intra ou interdepartamentais, teñen como finalidade o avance na conversión de materias ao sistema ECTS dos títulos antigos, así como iniciar accións de coordinación docente entre materias dun mes-

mo curso ou un mesmo módulo nos novos títulos de grao ou mestrado.

En 2009 houbo un incremento moi significativo, tanto no número de grupos como no número de profesores integrados nalgún grupo departamental. Foi o ano de maior resposta entre o profesorado.

	Número de profesores	Número de grupos
2004	348	106
2005	483	160
2006	493	169
2007	472	140
2008	383	103
2009	519	178

Cadro 15 Evolución dos grupos departamentais de calidade

Soporte á docencia

Soporte á Docencia asume como obxectivo principal dar soporte metodolóxico á docencia no proceso de adaptación das titulacións e implantación das novas ensinanzas propias e oficiais, de grao e posgrao, en consonancia coa aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) á educación.

A actividade desenvolvida ao longo do ano 2009 centrouse nos seguintes ámbitos de actuación: activación das guías docentes de todas as ensinanzas da UDC, mantemento a nivel metodolóxico do sistema de guías docentes, apoio ao profesorado na elaboración das guías docentes, apoio metodolóxico na implantación do campus virtual moodle, apoio e asesoramento no deseño das propostas de grao e posgrao e seguimento do estado da elaboración das guías docentes das titulacións.


- Na actualidade, están activadas as guías docentes dos POP, de todas as titulacións de 1.º e 2.º ciclo e de todas as materias dos graos que se están implantando no presente curso académico.
- O mantemento do sistema informatizado de guías docentes abrangue a activación das guías corres-

pondentes ás novas ensinanzas para a súa implantación, a actualización de datos de profesorado e a actualización da guía de axudas e a implementación da guía de metodoloxías docentes.


- Para apoiar o profesorado na elaboración das guías docentes púxose unha especial énfase en ofrecer, a través de distintas vías, o soporte técnico e metodolóxico necesario.

Establecéronse axudas metodolóxicas, elaborouse unha guía de metodoloxías docentes, organizáronse obradoiros presenciais (en seis centros, cun total de 112 participantes) e prestouse atención personalizada.

- Entre as distintas medidas de apoio ao campus virtual desenvolveuse a actividade “Obradoiro Campus Virtual Moodle: Ensinar e aprender con Moodle-Guía de Aprendizaxe no EEES”. Este obradoiro, de cinco horas de duración, pedírono 22 centros. En cinco deles fíxose unha segunda edición. En total participaron 543 profesores. O novo campus virtual Moodle integra a guía docente da materia e incorpora o módulo da guía de aprendizaxe.



Cadro 16 Porcentaxe de cursos de grao implantados



Cadro 17 Porcentaxe de guías elaboradas dos cursos de grao implantados



Cadro 18 Porcentaxe de guías elaboradas dos cursos de mestrados implantados


Formación e innovación educativa

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) desenvolve a súa actividade a través de tres unidades: Unidade de Ensino non Universitario, Unidade de Formación e Asesoramento e Unidade de Atención á Diversidade.

No que respecta ao ensino non universitario, no curso 2008-2009 impartíuse o derradeiro Curso de Aptitude

Pedagóxica (CAP), organizado na Universidade da Coruña desde 1999.

En 2009-2010 implantouse o novo Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.



Cadro 19 **Evolución da matrícula no Curso de Adaptación Pedagóxica**

Dentro do Plano de formación para ensino en secundaria, no curso 2008-2009, organizáronse seis cursos de 30 horas de duración e un de 12 horas. O número de prazas é de 50 por curso, agás nos que se imparten na aula de informática que son 25 prazas. En total, 300 prazas para 192 horas de formación. Inscribíronse 351 participantes para a realización dun ou de varios dos cursos ofertados, de modo que se recibiron un total de 1.794 solicitudes para cursos diferentes.

No curso académico 2008/2009, continuáronse a desenvolver os Planos de apoio ao ensino (PAE) e de apoio á aprendizaxe (PAA), o Plano de formación inicial (PFI) e, como novidade, púxose en marcha o mencionado Plano de formación para o ensino en secundaria (PFES). Ademais, organizáronse dous programas de formación específicos baixo demanda: o Plano de formación do programa Docencia (PFPD) e o obradoiro Obradoiro Campus Virtual Moodle.

Programas	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	14	132	350
Tecnoloxía Educativa	4	48	80
Ensino Semipresencial	4	44	80
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	3	32	75
Contexto Socioinstitucional da UDC	6	60	150
Total	31	316	735

Cadro 20 Cursos do CUFIE no curso 2008-2009

Na convocatoria do Plano de Formación Inicial para o 2008-2009 pecháronse as incorporacións, para que as persoas que xa estaban participando puidesen finalizarlo o antes posible. Outra novidade foi que xa non existe unha programación específica de cursos, senón que no Programa de Apoio ao Ensino (PAE) reserváronse cinco prazas a maiores para os participantes do Plano de formación inicial (PFI). En total, nesta convocatoria participaron 39 profesores.

Segue a se desenvolver o Programa de acción tutorial, dentro dos contratos-programa que se convocan cada ano.

Por último, no Plano de apoio á aprendizaxe programáronse 14 cursos de 10 horas para 420 prazas. Inscribíronse 502 alumnos/as para realizar un ou varios dos cursos ofertados, de modo que se recibiron un total de 1.879 solicitudes para cursos diferentes.

Atención á diversidade

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) creouse en febreiro de 2004 para atender os membros da comunidade universitaria da Coruña con necesidades educativas especiais derivadas da diversidade funcional ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria.

Ao longo do ano, renováronse os convenios con diversas entidades –Aspaym-Galicia, Limco, Cogami e Cruz Vermella– para atender os usuarios da Unidade Universitaria de Atención á Diversidade.

A decembro de 2009, estabase a prestar atención a sete membros da comunidade universitaria, sexa para a utilización de transporte adaptado ou o servizo de asistencia persoal.

Aula de Formación Informática

Estudiantes	PAS	PDI	Alleos á UDC	Homes	Mulleres	Total
634	108	11	24	534	243	777

Cadro 21 Alumnado inscrito en cursos da Aula de Formación Informática en 2008-2009

	N.º de alumnos
CITEEC	2
Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)	3
Centro Español de Nuevas Profesiones (Turismo)	3
Edificio de Departamentos da Escola de Arquitectura	2
Edificio de Servizos Centrais de Investigación	21
Edificio Xoana Capdevielle	6
Escola de Aviación Comercial	1
ETS de Mariña Civil	12
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	24
ETS de Arquitectura	67
EU de Estudos Empresariais	15
EU de Deseño Industrial	1
EU de Fisioterapia	1
EU de Relacións Laborais (A Coruña)	8
EU Politécnica	14
Facultade de Ciencias	9
Facultade de Ciencias da Educación	6
Facultade de Ciencias da Saúde	4
Facultade de Ciencias Econ. e Empresariais	30
Facultade de Filoloxía	14
Facultade de Informática	486
Facultade de Socioloxía	14
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	4
Reitoría	10
Vicerreitoría Ferrol	2

Cadro 22 Procedencia dos matriculados en cursos da Aula de Formación Informática en 2008-2009

Avaliación docente

A Comisión de Formación e Asesoramento, responsable da Avaliación Docente da UDC, tomou parte activamente na primeira convocatoria do *programa Docentia* (Programa de apoio á avaliación da actividade


docente) da UDC, logo de que a Universidade da Coruña participase na convocatoria da ACSUG para levar a cabo unha experiencia piloto no sistema universitario galego en colaboración coa ANECA.

Curso	Participantes	Porcentaxe
2003-2004	557	44,40
2004-2005	552	38,30
2005-2006	549	40,10
2006-2007	572	41,15
2007-2008	637	44,6
2008-2009	657	41,4


Cadro 23 Evolución da participación do profesorado na avaliación docente

Curso	Participantes	Porcentaxe
2003-2004	2.669	11,60
2004-2005	4.291	17,90
2005-2006	4.070	17,72
2006-2007	3.888	17,72
2007-2008	3.860	18,20
2008-2009	3.954	19,40


Cadro 24 Evolución da participación do alumnado na avaliación docente




Cadro 25 Porcentaxe de participación do profesorado de grao e 1.º e 2.º ciclo na avaliación docente por centros en 2008-2009



Cadro 26 Porcentaxe de participación do alumnado de grao e 1.º e 2.º ciclo na avaliación docente por centros en 2008-2009



Cadro 27 Porcentaxe de participación do profesorado de mestrados na avaliación docente por titulacións en 2008-2009



Cadro 28 Porcentaxe de participación do alumnado de mestrados na avaliación docente por titulacións en 2008-2009

Unidade Técnica

Á segunda convocatoria do Programa FIDES-AUDIT preséntarónse os tres centros da UDC que aínda non tiñan o seu sistema de garantía de calidade certificado: a Facultade de Humanidades, a ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e a ETS de Náutica e Máquinas.

Deste xeito, todas as escolas e facultades poderán ter os seus sistemas dentro do programa FIDES-AUDIT, co que se pretende que os centros dispoñan dun proceso sistemático de recollida de evidencias que permita cumprir os futuros criterios de acreditación das ensinanza universitarias.

Programa Docentia

En xaneiro, o Consello de Goberno aprobou a creación da Comisión Interna da Universidade (CIU), constituída nese mesmo mes.

Uns días despois, a CIU publicou a primeira convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado (Programa Docentia). Esta convocatoria só se abriu a aqueles/as profesores/as que recibiron axudas na IV convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC e que cumpriran co requisito de seren avaliados/as

polo estudantado, polo menos nun curso académico nos últimos cinco anos, e participasen na avaliación, cando menos dúas veces, nos últimos cinco anos. Nesta convocatoria avaliouuse o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos 2003-2004 a 2007-2008.

Cómpre destacar que de 172 profesores que cumprían o perfil establecido pola CIU para participar nesta I Convocatoria do Programa Docentia (11% do PDI da UDC), presentáronse 151 (cerca do 88%). Destes, 50 non cumprían os criterios que se establecen no programa (ao redor dun 29%) e avaliáronse, finalmente, 101 profesores (60% sobre os solicitantes potenciais).

Dos 50 profesores solicitantes que foron excluídos cabe destacar que, case un 60% foi por non participar dúas veces na avaliación docente desta Universidade nos últimos cinco anos. Un total de 79 obtiveron unha valoración moi favorable, 21 obtivérona favorable e un, desfavorable.

– Publicouse a convocatoria para participar nos Comités de Avaliación Docente do Programa Docentia, co obxectivo de seleccionar os dous avaliadores da UDC de cada unha das cinco ramas que

xunto co presidente (membro da CIU) e cos outros dous avaliadores de fóra do Sistema Universitario de Galicia propostos pola ACSUG, compoñerían os cinco comités de avaliación docente que desenvolverían as súas funcións durante esta convocatoria. A esta convocatoria presentáronse un total de 28 profesores/as.

- No mes de febreiro a entidade externa SGS ICS Ibérica realizou a auditoría de seguimento dos seguintes servizos:

Realizouse a auditoría de seguimento da certificación pola norma UNE-EN-ISO 9001:2008 de tres servizos: Servizos de Apoio á Investigación (SAI), Centro de Innovación Tecnolóxica (CIT) e Centro da Investigación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).

- A mesma entidade externa realizou a auditoría de certificación do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CI-TIC). AENOR realizou as auditorías de certificación

do Laboratorio de Ciencias de Materiais da ETS de Camiños, Canais e Portos e do Laboratorio de Radioactividade Ambiental da Escola Universitaria Politécnica. O resultado destas auditorías foi positivo.

- A Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) realizou á auditoría de seguimento dun ensaio da Unidade de Técnicas Cromatográficas que pertence aos Servizos de Apoio á Investigación para a súa acreditación pola norma UNE-EN-ISO 17025:2005. O resultado da auditoría foi positivo.
- Comezou unha primeira fase de elaboración das cartas de servizos da UDC, en que participan 15 servizos que rematarán o proceso en xuño de 2010.
- A través da caixa de suxestións da Universidade, que xestiona a UTC, recóllense as preguntas, as suxestións, as queixas, e as felicitacións que envían os diferentes colectivos da Universidade e da sociedade en xeral. En 2009 recolléronse un total de 1.099 observacións.

	Taxa de eficiencia			Taxa de éxito			Duración media		
	Home	Muller	Global	Home	Muller	Global	Home	Muller	Global
Arquitectura	69,77%	71,48%	70,68%	79,92%	79,70%	79,80%	8,93	8,95	8,94
Arquitectura Técnica en Execución de Obras	62,67%	62,11%	62,43%	74,99%	72,18%	73,76%	7,40	8,23	7,70
Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	77,22%	87,40%	84,84%	82,92%	91,23%	89,18%		4,29	4,29
Diplomatura en Ciencias Empresariais	65,81%	67,22%	66,64%	70,75%	74,32%	72,83%	5,39	5,23	5,28
Diplomatura en Educación Social	78,82%	84,22%	83,79%	79,21%	84,46%	84,05%		4,42	4,42
Diplomatura en Enfermería (A Coruña)	96,06%	87,33%	87,84%	89,57%	88,54%	88,61%	3,20	3,47	3,44
Diplomatura en Enfermería (Ferrol)	81,64%	85,51%	84,82%	85,05%	86,60%	86,33%	3,60	3,39	3,42
Diplomatura en Fisioterapia	85,38%	90,21%	89,13%	89,80%	92,15%	91,65%	3,38	3,31	3,32
Diplomatura en Logopedia	77,12%	83,67%	83,33%	78,49%	86,25%	85,84%	4,00	3,91	3,92
Diplomatura en Máquinas Navais	71,71%	79,75%	72,61%	81,08%	79,68%	80,90%	5,59	5,00	5,57
Diplomatura en Navegación Marítima	70,12%	78,26%	71,78%	86,68%	80,14%	85,15%	5,47	3,75	5,17
Diplomatura en Podoloxía	91,75%	91,30%	91,41%	93,90%	94,94%	94,68%	3,56	3,45	3,48
Diplomatura en Relacións Laborais (A Coruña)	71,78%	75,59%	74,53%	80,55%	86,87%	85,05%	4,19	4,86	4,65
Diplomatura en Relación Laborais (Ferrol)	67,55%	87,84%	82,74%	82,66%	87,69%	86,62%	6,50	3,81	4,35
Diplomatura en Terapia Ocupacional	80,88%	83,75%	83,51%	94,76%	94,89%	94,88%	5,00	3,29	3,40
Diplomatura en Turismo	77,07%	77,48%	77,40%	78,52%	84,92%	83,59%	5,00	4,35	4,44
Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	71,63%	71,15%	71,47%	78,76%	79,39%	78,98%	7,74	8,07	7,86
Enxeñaría en Informática	73,21%	70,01%	72,63%	76,71%	78,22%	76,97%	7,58	7,31	7,52
Enxeñaría Industrial	66,66%	68,33%	67,21%	74,62%	76,34%	75,18%	9,15	9,80	9,37
Enxeñaría Naval e Oceánica	66,48%	73,61%	68,54%	74,73%	74,62%	74,69%	5,00		5,00
Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial	66,87%	70,01%	68,76%	82,18%	85,36%	84,08%	5,67	5,30	5,45
Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas	60,40%	54,88%	59,78%	57,30%	56,97%	57,26%	5,96	6,17	5,98
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	60,09%	56,22%	58,97%	68,07%	70,06%	68,60%	5,94	6,44	6,12
Enxeñaría Técnica en Obras Públicas - Especialidade en Construcións Cívicas	74,36%	77,26%	75,53%	83,15%	85,72%	84,21%	4,62	4,36	4,50
Enxeñaría Técnica Industrial - Especialidade en Electricidade	58,78%	55,46%	58,11%	69,56%	70,11%	69,66%	6,57	5,67	6,34
Enxeñaría Técnica Industrial - Especialidade en Electrónica Industrial	55,43%	55,24%	55,39%	70,03%	70,03%	70,03%	7,34	6,44	7,18

Cadro 29 Indicadores das titulacións (segue)

	Taxa de eficiencia			Taxa de éxito			Duración media		
	Home	Muller	Global	Home	Muller	Global	Home	Muller	Global
Enxeñaría Técnica Naval - Especialidade en Estruturas Mariñas	61,45%	65,47%	62,71%	82,19%	78,93%	81,10%	6,21	5,67	6,05
Enxeñaría Técnico Naval - Especialidade en Propulsión e Servizos do Buque	60,10%	51,37%	57,96%	78,28%	71,06%	76,59%	6,90	4,33	6,31
Grao en Socioloxía	100,00%	100,00%	100,00%	96,55%	90,57%	92,68%			
Grao en Terapia Ocupacional	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%			
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	68,43%	71,61%	70,38%	69,07%	74,36%	72,24%	6,75	6,39	6,53
Licenciatura en Bioloxía	68,81%	71,98%	70,85%	79,88%	76,77%	77,82%	6,53	5,95	6,12
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	79,51%	80,23%	79,70%	82,38%	87,49%	83,71%	5,97	5,64	5,86
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	89,72%	84,54%	86,41%	94,53%	92,31%	93,15%	2,20	2,69	2,57
Licenciatura en Dereito	67,90%	68,31%	68,17%	77,41%	80,00%	79,06%	7,77	7,72	7,74
Licenciatura en Dereito e Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	86,44%	90,38%	88,93%	90,84%	89,84%	90,19%	6,00	6,00	6,00
Licenciatura en Documentación	100,00%	73,87%	77,26%	100,00%	92,09%	93,32%	3,50	2,80	2,92
Licenciatura en Economía	59,06%	65,70%	62,62%	78,88%	75,87%	77,16%	7,84	7,17	7,51
Licenciatura en Filoloxía Galega	86,96%	74,83%	78,36%	82,47%	88,54%	86,54%	9,00	5,80	6,33
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	91,36%	81,59%	83,55%	88,55%	91,46%	90,83%		6,40	6,40
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	81,75%	84,42%	83,86%	87,12%	82,17%	83,18%	6,67	5,72	5,96
Licenciatura en Humanidades	81,41%	77,14%	78,90%	99,08%	85,30%	90,56%	5,33	4,25	4,71
Licenciatura en Máquinas Navais	83,38%	100,00%	83,65%	89,73%	89,66%	89,73%	3,50		3,50
Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	89,61%	82,76%	87,75%	91,89%	95,41%	92,76%	2,17	3,00	2,29
Licenciatura en Psicopedagogía	75,91%	84,63%	83,07%	75,42%	86,19%	84,24%	4,60	3,45	3,68
Licenciatura en Química	63,04%	64,16%	63,81%	69,83%	75,69%	73,72%	7,50	8,57	8,23
Licenciatura en Socioloxía	71,32%	67,84%	68,82%	92,58%	92,07%	92,22%	7,15	6,59	6,76
Mestre, Especialidade en Audición e Linguaxe	88,68%	87,35%	87,42%	79,60%	89,33%	88,78%	3,00	4,29	4,24
Mestre, Especialidade en Educación Física	84,40%	90,98%	86,49%	86,76%	91,65%	88,34%	4,37	4,00	4,27
Mestre, Especialidade en Educación Infantil	91,71%	88,51%	88,59%	87,16%	90,21%	90,12%	9,00	4,41	4,60
Mestre, Especialidade en Educación Primaria	78,03%	90,00%	87,00%	89,29%	93,21%	92,31%	4,38	4,04	4,09

Cadro 29 (continuación) **Indicadores das titulacións**

Informática e comunicacións

O Servizo de Informática e Comunicacións, dentro dun proceso de modernización e innovación continuado, levou a cabo distintas actuacións en 2009, entre as que podemos destacar:

- Posta en marcha dun sistema de xestión de identidade corporativa mediante unha federación de identidade. Este sistema habilita os servizos informáticos dos novos membros da UDC de maneira automática e centralizada, eliminando a necesidade de solicitudes e esperas. Os usuarios teñen acceso á lista de servizos a que poden acceder no portal de servizos (<http://servizos.udc.es>).
 - Migración da plataforma de correo electrónico (<https://webmail.udc.es>) a un novo sistema baseado no sistema de código aberto Zimbra.
 - Migración da plataforma de teleformación moodle á nova plataforma 1.9.4 (<https://campusvirtual.udc.es>) incrementando o rendemento e as funcionalidades da anterior plataforma.
 - Remate da posta en marcha do Dataware House (<https://www.udc.es/datawarehouse>). Están dispoñibles os Datamart de xestión académica, económica e RRHH.
 - Implantación dunha plataforma de virtualización de servidores baseado en VMware. Actualmente, atópanse virtualizados o 60% dos servidores da UDC.
- Isto facilita a operación, administración, mantemento e despregamento de novos servizos na UDC e incrementa de maneira significativa a súa seguridade.
- Implantación do módulo de terceiro ciclo en Xes-campus que posibilita a integración da unidade de estudos oficiais de posgrao nesta ferramenta.
 - Rematouse a implantación da plataforma de xestión de incidencias (<http://cau.udc.es>) conforme ás mellores prácticas da Information Technology Infrastructure Library (ITIL). Esta plataforma é utilizada actualmente polo Centro de Atención a Usuarios (CAU) que escala as incidencias recibidas a través da ferramenta, da extensión telefónica 2222 ou do correo electrónico cau-sic@udc.es en horario de mañá e tarde. Esta ferramenta incorpora un inventario informatizado e relaciona as incidencias cos usuarios que as xeran.
 - Implantouse o novo servizo de rede sem fíos porta-IUDC (<http://www.udc.es/udcwifi>), que facilita a incorporación de terminais sen fíos á rede. Mediante a súa sincronización co xestor de identidade, permite que calquera membro da UDC poida usar este servizo sen o solicitar previamente.
 - Posta en marcha dunha wiki corporativa (<https://wiki.udc.es>) que permitirá a colaboración entre diversos departamentos da UDC para facilitar información á comunidade universitaria.
 - Implantación dun sistema de autenticación centralizado (CAS) baseado nunha plataforma de código

aberto. Actualmente este sistema é usado por diversas aplicacións web que se irán integrando durante o ano 2010 no portal de servizos, facilitando deste modo a implantación dun sistema de Single Sign-On/Sign-out (SSO) na UDC.

- Remisión de cualificacións mediante un servizo SMS.
- Desenvolvemento de novas aplicacións para a xestión de solicitudes de bonobus (<https://servizos.udc.es/SolicitudBonobus>) e residencias universitarias.
- Posta en marcha do novo directorio activo corpo-

rativo (udc.pri) que permitirá durante o ano 2010 a substitución e unificación dos vellos dominios de académica, xestión e biblioteca. Incorpora un sistema de arquivos distribuído (DFS) que incrementa o rendemento e a seguridade dos recursos compartidos no novo dominio.

- Novo servidor corporativo de antivirus OfficeScan 2010.
- Nova sala de videoconferencia no campus de Ferrol.

Materias que se ofertan no Campus Virtual	4.005
PDI que utiliza o Campus Virtual	956
Estudantes que utilizan o Campus Virtual	13.393
Visitas á web institucional	3.476.682
Servizos web automatizados	15
Webs aloxadas no servidor corporativo	211
Grupos de investigación con web aloxada	18
Departamentos con web aloxada	38
Áreas de negocio definidas no Dataware House corporativo	5
Informes xerados polo DataWare House	146
Número de procedementos de xestión incorporados ao sistema de xestión de expedientes	56
Tarxetas universitarias xeradas	6.531
Extensións telefónicas fixas dispoñibles	3.964
Extensións telefónicas fixas activas	3.206
Tomas de datos dispoñibles	22.510
Portos de rede dispoñibles	12.356
Portos de rede activos	10.340
Redes VLAN dispoñibles	244
Porcentaxe de despregamento da rede WIFI	94,00%
Servidores administrados polo SIC	134
Servidores virtualizados	81
Espazo global de almacenamento dispoñible	35 Tb
Capacidade do sistema de apoio (backup)	50 Tb
Postos de traballo xestionados polo SIC	8.820
Postos de consulta bibliográfica	77
AulasNET xestionadas polo SIC	22
Postos dispoñibles en AulasNET	565
Aulas de docencia xestionadas polo SIC	21
Postos dispoñibles en aulas de docencia	540
PAS e PDI que utilizan a Wiki corporativa	130
Usuarios que utilizan a VPN	54
Número de contas de correo PAS	1.010
Número de contas de correo PDI	2.877
Número de contas de correo alumnos	80.853
Cientes de antivirus	1.184
Usuarios habilitados na rede Wifi	17.042
Usuarios con actividade na rede Wifi	6.727
Usuarios PAS de Active Directory	770
Usuarios PDI de Active Directory	1.150
Usuarios estudantes de Active Directory	15.417

Cadro 30 Indicadores do Servizo de Informática e Comunicacóns en 2009

Tipo de actuación	Valor
Solicitudes de publicación e modificación de contidos	2.455
Renovación de equipos informáticos	60
Migración de equipos informáticos ao novo dominio AD	300
Alta de toma de datos	273
Alta de toma de telefonía	84
Actuacións especiais de rede	83

Cadro 31 Actuacións do Servizo de Informática e Comunicións en 2009

Incidencias xerais rexistradas	6.095
Porcentaxe de resolución na propia chamada	40,00%
Relativas a fallos hardware do equipamento	1.378
Relativas á xeración da tarxeta universitaria	65
Relativas ao servizo de correo electrónico	3.123
Relativas á plataforma Moodle	425
Relativas a bonobús e residencias	87
Relativas a servizos web	110
Relativas ao funcionamento da rede de voz	429
Relativas ao funcionamento da rede de datos	185
Relativas ao funcionamento da rede sem fíos	607
Relativas ao funcionamento da aplicación de xestión económica	982
Relativas ao funcionamento da aplicación de RRHH e Nóminas	156

Cadro 32 Incidencias de informática e comunicacións rexistradas en 2009

Oficina de Sólware Libre

A Oficina de Sólware Libre (OSL) da UDC (<http://softwarelibre.udc.es>) converteuse durante o ano 2009 nun elemento de apoio e asesoramento continuado en todo o referente ao sólware libre para a comunidade universitaria.

A Oficina impartiu 28 cursos e 10 obradoiros. Percoreu 15 centros coa oficina móbil en que atendeu pre-

to de 2000 visitas e levou a cabo 150 asesoramentos técnicos. Atendéronse e respondéronse máis de 3000 correos electrónicos e 200 visitas na oficina.

Persoal da Oficina de Sólware Libre participou en cinco charlas e conferencias e estivo presente en doce actos externos de promoción.

